

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 3º ESO

A cualificación de cada **trimestre** será resultado da suma das seguintes porcentaxes:

-70% da media aritmética de dúas probas escritas que valoren os coñecementos tanto de lingua como de literatura do alumno.

-20% da participación activa na aula, a realización de tarefas na casa e a presentación de proxectos tanto de xeito oral como escrito.

-10% da nota obtida no traballo ou proba escrita sobre a obra de lectura obrigatoria.

A cualificación **final** da materia será resultado de calcular a media aritmética das notas obtidas nos tres trimestres, despois de realizar a aproximación matemática a número enteiro en cada unha delas.

Cómpre sinalar que tanto nos traballos como nas probas escritas, farase especial fincapé na expresión e na **ortografía**, considerando que os cursos de ESO son de aprendizaxe e de dominio da ortografía en todas as súas facetas (ortografía das palabras, acentuación e puntuación), de modo que ao final da etapa sexa posible que o alumno acade a corrección escrita. Por iso, nos cursos de ESO, nas probas e traballos escritos, poderán penalizarse con ata 0,25 puntos as faltas de ortografía que se cometan en palabras de uso habitual ou naquelas que se traballaron en clase dun modo específico. O máximo de puntos que se descontará será de 3.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

En caso de non ter superada a materia nalgún trimestre, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame de recuperación sobre os contidos traballados na avaliación.

Do mesmo xeito, se un alumno non logra superar a materia a final de curso, despois de calcular a media aritmética entre trimestres, poderá recuperala mediante a realización dunha proba escrita final sobre os contidos traballados durante todo o curso.